

As disposicións contidas no artigo 6.1, na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo III do título II e no capítulo II do título III, salvo o establecido no parágrafo segundo do punto segundo do artigo 37, ambos do libro I desta lei, aplicaranse, con carácter subsidiario e no pertinente, aos outros dereitos de propiedade intelectual regulados neste libro.»

Catro. Engádesse unha disposición transitoria décimo novena coa seguinte redacción:

«O real decreto a que se refire o punto segundo do artigo 37 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual deberá ser promulgado no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta lei.

Ata que se aprobe o real decreto a que se refire o parágrafo anterior, a contía da remuneración será de 0,2 euros por cada exemplar de obra adquirido con destino ao préstamo nos establecementos citados neste punto.

Así mesmo, neste período, o Estado, as comunidades autónomas e as corporacións locais poderán acordar os mecanismos de colaboración necesarios para o cumprimento das obrigas de remuneración que afectan establecementos de titularidade pública.»

Disposición derradeira segunda. *Habilitación competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.2 da Constitución española, que dispón que, sen prexuízo das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial, e ademais polos seguintes títulos competenciais:

- a) O artigo 8, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.10.<sup>a</sup>,
- b) Os artigos 9, 10, 11, 16 e 17, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup>,
- c) O artigo 13, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.28.<sup>a</sup>, e
- d) As disposicións adicional primeira e derradeira primeira, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.9.<sup>a</sup> da Constitución española.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento e habilitación normativa.*

1. Autorízase o Goberno a ditar cantas disposicións resulten necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta lei.

2. Cando razóns técnicas ou de oportunidade así o aconsellen, mediante real decreto poderanse actualizar ou modificar as excepcións ao prezo fixo previstas no artigo 11.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 22 de xuño de 2007.

JUAN CARLOS R.

A presidenta do Goberno  
en funcións

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

**12352** LEI 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. («BOE» 150, do 23-6-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

ÍNDICE

Exposición de motivos.

Título preliminar. Do ámbito de aplicación e dos principios xerais.

Título primeiro. Dereitos dos cidadáns a se relacionar coas administracións públicas por medios electrónicos.

Título segundo. Réxime xurídico da Administración electrónica.

Capítulo I. Da sede electrónica.

Capítulo II. Da identificación e autenticación.

Sección 1.<sup>a</sup> Disposicións comúns.

Sección 2.<sup>a</sup> Identificación dos cidadáns e autenticación da súa actuación.

Sección 3.<sup>a</sup> Identificación electrónica das administracións públicas e autenticación do exercicio da súa competencia.

Sección 4.<sup>a</sup> Da interoperabilidade e da acreditación e representación dos cidadáns.

Capítulo III. Dos rexistros, das comunicacións e das notificacións electrónicas.

Sección 1.<sup>a</sup> Dos rexistros.

Sección 2.<sup>a</sup> Das comunicacións e das notificacións electrónicas.

Capítulo IV. Dos documentos e os arquivos electrónicos.

Título terceiro. Da xestión electrónica dos procedementos.

Capítulo I. Disposicións comúns.

Capítulo II. Utilización de medios electrónicos na tramitación do procedemento.

Título cuarto. Cooperación entre administracións para o impulso da Administración electrónica.

Capítulo I. Marco institucional de cooperación en materia de Administración electrónica.

Capítulo II. Cooperación en materia de interoperabilidade de sistemas e aplicacións.

Capítulo III. Reutilización de aplicacións e transferencia de tecnoloxías.

Disposición adicional primeira. Reunión de órganos colexiados por medios electrónicos.

Disposición adicional segunda. Formación de empregados públicos.

Disposición adicional terceira. Plan de medios na Administración xeral do Estado.

Disposición adicional cuarta. Procedementos especiais.

Disposición adicional quinta. Función estatística.

Disposición adicional sexta. Uso de linguas oficiais.

Disposición transitoria única. Réxime transitorio.

Disposición derogatoria única.

Disposición derradeira primeira. Carácter básico da lei.

Disposición derradeira segunda. Publicación electrónica do «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira terceira. Adaptación das administracións públicas para o exercicio de dereitos.

Disposición derradeira cuarta. Modificación da Lei 84/1978, do 28 de decembro, pola que se regula a taxa por expedición do documento nacional de identidade.

Disposición derradeira quinta. Modificación da Lei 16/1979, do 2 de outubro, sobre taxas da Xefatura Central de Tráfico.

Disposición derradeira sexta. Habilitación para a regulación do teletraballo na Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira sétima. Desenvolvemento regulamentario do artigo 4 c).

Disposición derradeira oitava. Desenvolvemento e entrada en vigor da lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

### I

Determinadas idades da humanidade recibiron a súa denominación das técnicas que se empregaban nestas e hoxe poderíamos dicir que as tecnoloxías da información e as comunicacións están afectando tamén moi profundamente a forma e incluso o contido das relacións dos seres humanos entre si e das sociedades en que se integran. O tempo actual –e en todo caso o século XXI, xunto cos anos finais do XX–, ten como un dos seus trazos característicos a revolución que supuxeron as comunicacións electrónicas. Nesa perspectiva, unha Administración á altura dos tempos en que actúa, ten que acompañar e promover en beneficio dos cidadáns o uso das comunicacións electrónicas. Estes deben ser os primeiros e principais beneficiarios do salto, impensable hai só unhas décadas, que se produciu no campo da tecnoloxía da información e as comunicacións electrónicas. Ao servizo, pois, do cidadán a Administración queda obrigada a se transformar nunha Administración electrónica rexida polo principio de eficacia que proclama o artigo 103 da nosa Constitución.

E nese contexto en que as administracións se deben comprometer coa súa época e ofrecerlles aos seus cidadáns as vantaxes e posibilidades que a sociedade da información ten, asumindo a súa responsabilidade de contribuír a facer realidade a sociedade da información. Os técnicos e mais os científicos puxeron en pé os instrumentos desta sociedade, pero a súa xeneralización depende, en boa medida, do impulso que reciba das administracións públicas. Depende da confianza e seguranza que xere nos cidadáns e depende tamén dos servizos que ofrezca.

O mellor servizo ao cidadán constitúe a razón das reformas que tras a aprobación da Constitución se foron realizando en España para configurar unha Administración moderna que faga do principio de eficacia e eficiencia o seu eixe vertebrador sempre coa mira posta nos cidadáns. Ese servizo constitúe tamén a principal razón de ser da lei de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos que trata, alén disto, de estar á altura da época actual.

En efecto, a descentralización política do Estado non se esgotou no seu primeiro e máis inmediato designio de organizar politicamente España dunha forma moi diferente ao Estado unitario, senón que foi ocasión para que a maior proximidade democrática dos novos poderes autonómicos se traducise tamén nunha maior proximidade das administracións dependentes deles respecto do cidadán.

Na mesma liña móvese o recoñecemento constitucional da autonomía local.

Non obstante, esa maior proximidade ao cidadán da Administración, derivada da descentralización autonómica e local, non acabou de superar a barreira que segue distanciando aínda o cidadán da Administración, de calquera Administración, incluída a do Estado, e que, moitas veces, non é outra que a barreira que levanta o tempo e o espazo: o tempo que hai que dedicar á relación con aquela para a realización de moitos trámites da vida diaria que comezan ás veces pola necesidade dunha primeira información que exige un desprazamento inicial, máis os sucesivos desprazamentos e o tempo que se dedican a posteriores trámites a facer coa Administración para as actividades máis elementais. Esas primeiras barreiras potencian, en ocasións, outras que afectan a posición servizal das administracións públicas. Estas non poden cumprir sempre a súa misión atendendo calquera cousa que pida un cidadán, posto que pode estar en contradición cos intereses da maioría dos demais cidadáns, cos intereses xerais representados polas leis. Pero neses casos –en que os intereses xerais non coinciden cos intereses individuais– a relación co cidadán debe ser, tamén, o máis rápida e clara posible sen perdas de tempo innecesarias.

En todo caso, esas primeiras barreiras nas relacións coa Administración –a distancia a que hai que se desprazar e o tempo que é preciso dedicar– hoxe en día non teñen razón de ser. As tecnoloxías da información e as comunicacións fan posible achegar a Administración ata a sala de estar dos cidadáns ou ata as oficinas e despachos das empresas e profesionais. Permítenlles relacionarse con ela sen filas nin esperas. E incluso recibir servizos e informacións alleos a actividades de intervención administrativa ou autorización; informacións e servizos non relacionados con actuacións limitadoras, senón ao contrario ampliadoras das súas posibilidades. Esas condicións permítenlles tamén aos cidadáns ver a Administración como unha entidade ao seu servizo e non como unha burocracia pesada que comeza por exixir, sempre e para empezar, o sacrificio do tempo e do desprazamento que impón o espazo que separa o domicilio dos cidadáns e das empresas das oficinas públicas. Pero, alén diso, as novas tecnoloxías da información facilitan, sobre todo, o acceso aos servizos públicos a aquelas persoas que antes tiñan grandes dificultades para chegar ás oficinas públicas, por motivos de localización xeográfica, de condicións físicas de mobilidade ou outros condicionantes, e que agora se poden superar polo emprego das novas tecnoloxías. Dáse así un paso transcendental para facilitar, en igualdade de condicións, a plena integración destas persoas na vida pública, social, laboral e cultural.

Diso percatouse a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC), que na súa primeira versión recolleu xa no seu artigo 45 o impulso ao emprego e á aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos, por parte da Administración, co obxecto de desenvolver a súa actividade e o exercicio das súas competencias e de permitirlles aos cidadáns relacionarse coas administracións cando for compatible cos «medios técnicos de que dispoñan».

Esa previsión, xunto coa da informatización de rexistros e arquivos do artigo 38 da mesma lei na súa versión orixinaria e, especialmente, na redacción que lle deu a Lei 24/2001, do 27 de decembro, ao permitir o establecemento de rexistros telemáticos para a recepción ou saída de solicitudes, escritos e comunicacións por medios telemáticos, abriu o paso á utilización de tales medios para se relacionar coa Administración.

Simultaneamente, a mesma Lei 24/2001 modificou o artigo 59 permitindo a notificación por medios telemáticos se o interesado sinalase o dito medio como preferente ou consentido expresamente.

No mesmo sentido destacan as modificacións realizadas na Lei xeral tributaria para permitir tamén as notificacións telemáticas, así como o artigo 96 da nova Lei xeral tributaria de 2003 que prevé expresamente a actuación administrativa automatizada ou a imaxe electrónica dos documentos.

No entanto, o desenvolvemento da Administración electrónica é aínda insuficiente. A causa en boa medida débese a que as previsións dos artigos 38, 45 e 59 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común son facultativas. É dicir, deixan en mans das propias administracións determinar se os cidadáns van poder de modo efectivo, ou non, se relacionar por medios electrónicos con elas, segundo que estas queiran poñer en pé os instrumentos necesarios para esa comunicación coa Administración.

Por iso esta lei pretende dar o paso do «poderán» ao «deberán».

As avanzadas para o momento, pero por outra parte prudentes, previsións legais, moi válidas en 1992 ou en 2001, hoxe quedaron desfasadas, ante unha realidade en que o grao de penetración de ordenadores e o número de persoas e entidades con acceso en banda ampla á internet, coas posibilidades abertas a outras tecnoloxías e plataformas, non se corresponden xa cos servizos meramente facultativos que a lei citada permite e estimula a establecer ás administracións.

O servizo ao cidadán exige consagrar o seu dereito a se comunicar coas administracións por medios electrónicos. A contrapartida dese dereito é a obriga destas de se dotar dos medios e sistemas electrónicos para que ese dereito se poida exercer. Esa é unha das grandes novidades da lei: pasar da declaración de impulso dos medios electrónicos e informáticos –que se concretan na práctica na simple posibilidade de que algunhas administracións, ou algúns dos seus órganos, permitan as comunicacións por medios electrónicos– a que estean obrigadas a facelo porque a lei reconece o dereito dos cidadáns a establecer relacións electrónicas.

A lei consagra a relación coas administracións públicas por medios electrónicos como un dereito dos cidadáns e como unha obriga correlativa para tales administracións. O recoñecemento de tal dereito e a súa correspondente obriga erixense así no eixe central do proxecto de lei.

Pero arredor do dito eixe é preciso abordar moitas outras que contribúen a definir e concretar o alcance dese dereito. Así, por exemplo, tal dereito faise efectivo de modo real mediante a imposición, cando menos no ámbito da Administración xeral do Estado e nos termos da lei, da obriga de poñer á disposición de cidadáns e empresas cando menos un punto de acceso xeral a través do cal os usuarios poidan, de forma sinxela, acceder á información e aos servizos da súa competencia; presentar solicitudes e recursos; realizar o trámite de audiencia cando proceda; efectuar pagamentos ou acceder ás notificacións e comunicacións que lles remita a Administración pública.

Tamén debe encontrar información no dito punto de acceso único sobre os servizos multicanle ou que lle sexan ofrecidos por máis dun medio, tecnoloxía ou plataforma.

## II

A lei artículase a partir das competencias do Estado que lle reconece o artigo 149.1.18 da Constitución: «Bases do réxime xurídico das administracións públi-

cas», por unha parte e «procedemento administrativo común», por outra.

Por outra banda, a regulación estatal, no que ten de básico, deixa marxe aos desenvolvementos autonómicos, sen que se poida esquecer, ademais, que o obxecto das bases neste caso debe permitir «en todo caso», de acordo con este número 18, un «tratamento común» ante elas.

Nesta perspectiva, a regulación do Estado debe abordar aqueles aspectos en que é obrigado que as previsións normativas sexan comúns, como é o caso da interoperabilidade, as garantías das comunicacións electrónicas, os servizos a que teñen dereito os cidadáns, a conservación das comunicacións electrónicas e os demais temas que se abordan na lei para garantir que o exercicio do dereito a se relacionar electronicamente con todas as administracións forme parte dese tratamento común que teñen.

A Lei 30/1992 limitouse a abrir a posibilidade, como se dixo, de establecer relacións telemáticas coa Administración, pero o momento actual demanda outra regulación que garanta, pero agora de modo efectivo, un tratamento común dos cidadáns ante todas as administracións: que garanta, para empezar e sobre todo, o dereito a establecer relacións electrónicas con todas as administracións públicas. As novas realidades, exixencias e experiencias que se foron poñendo de manifesto; o propio desenvolvemento da sociedade da información, a importancia que unha regulación clara, precisa e común dos dereitos dos cidadáns e o cambio de circunstancias tecnolóxicas e sociais exige actualizar o contido, moi diferente ao de 1992, da regulación básica que estea hoxe á altura das novas exixencias. Esa regulación común exige, hoxe, por exemplo, recoñecer o dereito dos cidadáns –e non só a posibilidade– de acceder mediante comunicacións electrónicas á Administración.

## III

O recoñecemento xeral do dereito de acceder electronicamente ás administracións públicas ten outras moitas consecuencias ás cales hai que dar solución e das que aquí, de forma resumida, se enumeran algunhas.

Así, en primeiro lugar, a progresiva utilización de medios electrónicos suscita a cuestión da privacidade duns datos que se facilitan en relación cun expediente concreto pero que, arquivados de forma electrónica como consecuencia do seu propio modo de transmisión, fan emerxer o problema do seu uso non no mesmo expediente no que é evidente, desde logo, pero, si a eventualidade do seu uso por outros servizos ou dependencias da Administración ou de calquera Administración ou noutro expediente. As normas da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, deben abondar, e non se trata de facer ningunha innovación ao respecto, pero si de establecer previsións que garantan a utilización dos datos obtidos das comunicacións electrónicas para o fin preciso para o que foron remitidos á Administración.

Por outra parte, os interesados nun procedemento teñen dereito de acceso a el e a ver os documentos. O mesmo debe acontecer, como mínimo, nun expediente iniciado electronicamente ou tramitado desta forma. O dito expediente debe poder permitir o acceso en liña aos interesados para verificar a situación do expediente, sen mingua de todas as garantías da privacidade.

En todo caso, a progresiva utilización de comunicacións electrónicas, derivada do recoñecemento do dereito a se comunicar electronicamente coa Administración, suscita a cuestión non xa da adaptación desta –recursos humanos e materiais– a unha nova forma de relacio-

narse cos cidadáns, senón tamén a cuestión da maneira de adaptar as súas formas de actuación e tramitación dos expedientes e en xeral adaptar os procedementos á nova realidade que imponen as novas tecnoloxías.

O feito de recoñecer o dereito dos cidadáns a se comunicar electronicamente coa Administración presenta, en primeiro lugar, a necesidade de definir claramente a «sede» administrativa electrónica coa que se establecen as relacións, promovendo un réxime de identificación, autenticación, contido mínimo, protección xurídica, accesibilidade, dispoñibilidade e responsabilidade. Exixe tamén abordar a definición para os efectos da lei dunha serie de termos e conceptos cuxo uso habitual obriga nun contexto de comunicacións electrónicas a efectuar moitas precisións. Isto sucede coa definición de expediente electrónico e de documento electrónico; dos rexistros electrónicos e das notificacións electrónicas ou do alcance e sistemas de selaxes de tempo.

A consagración dese dereito dos cidadáns a se comunicar electronicamente coa Administración suscita, tamén, por exemplo, a cuestión da forma de utilizar e archivar as ditas comunicacións. E fórmalo tanto no que se podería considerar a formación do expediente ou o arquivo de oficina –o vinculado á tramitación dos expedientes–, como no que se refire ao arquivo dos expedientes xa tramitados.

En canto ao funcionamento interno da Administración, as novas tecnoloxías permiten oportunidades de mellora (eficiencia e redución de custos) que fan ineludible a consideración das formas de tramitación electrónica, tanto para a tramitación electrónica de expedientes, como para calquera outra actuación interna da Administración, expandíndoas gradualmente co obxectivo do ano 2009.

Certamente, o uso de medios electrónicos non pode significar mingua ningunha do dereito do interesado nun expediente a acceder a este na forma tradicional, así como tampouco pode supoñer un freo ou un atraso para que a Administración internamente adopte os mecanismos máis adecuados, neste caso medios electrónicos, que lle permitan mellorar procesos e reducir o gasto público. Conxugar ambos os requirimentos é posible grazas ás medidas da política de fomento de desenvolvemento da sociedade da información que se veñen impulsando nos últimos anos. Neste sentido a Administración debe incorporar as novas tecnoloxías ao seu funcionamento interno e, simultaneamente, débese garantir que aqueles cidadáns que por calquera motivo (non dispoñibilidade de acceso ás novas tecnoloxías ou falta de formación) non poidan acceder electronicamente á Administración pública, dispoñan dos medios adecuados para seguir comunicándose coa Administración cos mesmos dereitos e garantías. A solución a ese dobre obxectivo pasa pola formación do persoal ao servizo da Administración que atende o público para que faga posible a comunicación destes cidadáns coa Administración electrónica, así como pola dispoñibilidade de puntos de acceso electrónico públicos en sedes administrativas. Ou tamén, desde logo, establecer as previsións xerais que sexan garantía dos dereitos dos cidadáns e dun tratamento igual ante todas as administracións en todos eses supostos.

En segundo lugar é necesario regular a validez dos documentos e as súas copias e a forma de que o documento electrónico opere con plena validez en modo convencional e, se é o caso, a forma en que os documentos convencionais se transformen en documentos electrónicos.

Outra cuestión que se aborda é a das plataformas que poden utilizar os cidadáns ou as propias administracións para establecer tales comunicacións electrónicas. O ordenador e internet pode ser unha vía, pero non é desde logo a única; as comunicacións vía SMS poden

ser outra forma de actuación que nalgunhas administracións están sendo xa utilizadas. A televisión dixital terrestre, por exemplo, abre tamén posibilidades coas que hai tamén que contar. A lei non se pode limitar a regular o uso das canles electrónicas dispoñibles hoxe en día, xa que a gran velocidade no desenvolvemento das tecnoloxías da información fai posible a aparición de novos instrumentos electrónicos que se poderían aplicar para a Administración electrónica en moi pouco tempo, sendo necesario xeneralizar a regulación destas canles.

A lei debe partir do principio de liberdade dos cidadáns na elección da vía ou canle pola que se queren comunicar coa Administración, ben que cada tecnoloxía pode ser apta para unha función en razón das súas características e da fiabilidade e seguranza das súas comunicacións.

#### IV

Débese lembrar que o impulso dunha Administración electrónica supón tamén dar resposta aos compromisos comunitarios e ás iniciativas europeas postas en marcha a partir de Consello Europeo de Lisboa e Santa María da Feira, continuado con sucesivas actuacións ata a actual comunicación da Comisión «i2010: Unha Sociedade da Información Europea para o crecemento e o emprego».

O impulso comunitario á iniciativa e-Europa dálle a máxima importancia ao desenvolvemento da Administración electrónica, buscando aproveitar todas as posibilidades das novas tecnoloxías como un factor determinante do futuro económico de Europa.

Nestes anos de vixencia da iniciativa e-Europa, o ámbito de actuación da Administración electrónica medrou considerablemente en sucesivas revisións, ata chegar a novembro de 2005, cando, tras a publicación da comunicación relativa a i2010 se aprobou, no Cumio de Manchester, unha resolución ministerial, con obxectivos concretos para o desenvolvemento da Administración electrónica na Unión. Tras esta resolución aprobouse o Plan de Acción sobre Administración electrónica i2010, na cal se sinala que os éxitos da Administración electrónica son xa claramente visibles en varios países da UE, estimando en 50.000 millóns de euros o aforro anual en toda a Unión que unha implantación xeneralizada dela podería xerar.

Así mesmo, o 12 de decembro de 2006, e con obxecto de avanzar na consecución do obxectivo fixado polo Consello Europeo de Lisboa, aprobouse a Directiva 2006/123/CE, relativa aos servizos no mercado interior.

Esta directiva establece, entre outras obrigas para os Estados membros, a de facilitar por medios electrónicos o acceso aos trámites relacionados coas actividades de servizos e á información de interese tanto para os prestadores como para os destinatarios destes.

Por iso, e dada a analoxía desta finalidade co obxectivo desta lei, realízase nesta unha referencia expresa á información e trámites relacionados coas actividades de servizos, de forma que os artigos 6, 7 e 8 da directiva se poden considerar traspostos por esta lei.

Por outra parte, no contexto internacional, tamén outros organismos se interesaron na Administración electrónica como forma de activar a economía e mellorar o goberno dos países como é o caso da OCDE, que publicou en 2004 un estudo cun título case autodescriptivo: «A Administración electrónica: Un imperativo», onde salienta os aforros que a Administración electrónica pode xerar ao permitirlles aumentar a súa eficacia.

Tamén o Consello de Europa, desde unha perspectiva máis social, está analizando a Administración electrónica como un motor de desenvolvemento. En decembro de 2004 o Comité de Ministros adoptou unha recomendación onde se sinala que a Administración

electrónica non é asunto meramente técnico, senón de gobernanza democrática.

## V

Neste contexto, unha lei para o acceso electrónico dos cidadáns ás administracións públicas xustifícase na creación dun marco xurídico que facilite a extensión e utilización destas tecnoloxías. E o principal reto que ten a implantación das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) na sociedade en xeral e na Administración en particular é a xeración de confianza suficiente que elimine ou minimize os riscos asociados á súa utilización. A desconfianza nace da percepción, moitas veces inxustificada, dunha maior fragilidade da información en soporte electrónico, de posibles riscos de perda de privacidade e da escasa transparencia destas tecnoloxías.

Por outro lado, a lexislación debe proclamar e erixirse sobre un principio fundamental como é a conservación das garantías constitucionais e legais dos dereitos dos cidadáns e en xeral das persoas que se relacionan coa Administración pública, cuxa existencia deriva do artigo 18.4 CE, ao encomendarlle á lei a limitación do uso da informática para preservar o exercicio dos dereitos constitucionais. Esta conservación exige afirmar a vixencia dos dereitos fundamentais non só como límite, senón como vector que orienta esta reforma lexislativa de acordo co fin promocional consagrado no artigo 9.2 do noso texto fundamental, así como recoller aquelas peculiaridades que exigen a aplicación segura destas tecnoloxías. Estes dereitos débense completar con outros exixidos polo novo soporte electrónico de relacións, entre os que debe estar o dereito ao uso efectivo destes medios para o desenvolvemento das relacións das persoas coa Administración. As anteriores consideracións cristalizan nun Estatuto do cidadán fronte á Administración electrónica que recolle un elenco non limitativo das posicións do cidadán nas súas relacións coas administracións públicas, así como as garantías específicas para a súa efectividade.

Con este fin, a lei crea a figura do Defensor do Usuario, que atenderá as queixas e realizará as suxestións e propostas pertinentes para mellorar as relacións de cidadáns no seu trato coas administracións públicas por medios electrónicos.

Por outra parte, merece destacar o papel de vangarda que lle corresponde ás nosas empresas no desenvolvemento dunha verdadeira sociedade da información e, por tanto, dunha Administración accesible electronicamente. Non en van, a integración das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) no día a día da empresa, necesaria en virtude das exixencias do contorno aberto e altamente competitivo en que operan, foi e é panca impulsora para o desenvolvemento e a crecente incorporación desas mesmas tecnoloxías na actuación administrativa. Ao mesmo tempo, representa unha axuda insubstituíble para favorecer a expansión da «cultura electrónica» entre os traballadores-cidadáns.

As empresas poden, en tal sentido, desempeñar un papel coadxuvante clave para a consecución dos obxectivos pretendidos por esta lei. As razóns apuntadas aconsellan un tratamento específico daqueles procedementos e xestións que de xeito máis intenso afectan o desenvolvemento da actividade empresarial.

A todo iso débese a aprobación desta lei de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, na cal se inclúen as seguintes materias coa estrutura que se recolle nas seguintes epígrafes.

## VI

A lei estrutúrase en catro títulos, seis disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha derogatoria e oito finais.

No título preliminar defínense o obxecto e finalidades da lei, os principios xerais a que se axusta, así como o seu ámbito de aplicación. Débese destacar o carácter básico da lei nos termos establecidos na disposición derradeira primeira, sendo por tanto de aplicación a todas as administracións públicas os artigos referidos na dita disposición derradeira.

A lei establece, entre outros, o principio de igualdade, para que a utilización de comunicacións electrónicas coas administracións públicas non implique unha discriminación para os cidadáns que se relacionen coa Administración por medios non electrónicos.

No título primeiro están recollidos os dereitos dos cidadáns nas súas relacións coas administracións públicas a través de medios electrónicos. Para garantir o pleno exercicio destes dereitos, establécese a obriga das administracións de habilitar diferentes canles ou medios para a prestación dos servizos electrónicos.

Así mesmo, establécese a obriga de cada Administración de facilitarles ás outras administracións os datos dos interesados que llo requiran e consten no seu poder, na tramitación dun procedemento, sempre que o interesado preste o seu consentimento expreso, o cal se poderá emitir e solicitar por medios electrónicos, co obxecto de que os cidadáns non deban achegar datos e documentos que están en poder das administracións públicas.

Para velar pola efectividade dos dereitos recoñecidos aos cidadáns prevese, no ámbito da Administración xeral do Estado, a actuación das inspeccións xerais de Servizos dos departamentos ministeriais e do Defensor do Usuario.

No título segundo régúlase o réxime xurídico da Administración electrónica. Por unha parte, o seu capítulo primeiro dedícase á sede electrónica, como enderezo electrónico cuxa xestión e administración corresponde a unha Administración pública que funciona con plena responsabilidade respecto da integridade, veracidade e actualización da información e dos servizos a que se pode acceder a través desta. Na normativa de desenvolvemento da lei, cada Administración determinará os instrumentos de creación das sedes electrónicas.

No seu capítulo segundo régúlanse as formas de identificación e autenticación, tanto dos cidadáns coma dos órganos administrativos no exercicio das súas competencias, é destacable que se habilitan distintos instrumentos de acreditación, que se concretarán na normativa aplicable a cada suposto con criterios de proporcionalidade. O documento nacional de identidade electrónico está habilitado con carácter xeral para todas as relacións coas administracións públicas, e por iso impulsárase como fórmula para estender o uso xeral da sinatura electrónica. Tamén se establece a obriga para calquera Administración de admitir os certificados electrónicos recoñecidos no ámbito da Lei de sinatura electrónica.

Interesa tamén destacar sobre esta cuestión, e co obxecto de evitar a brecha dixital, a posibilidade de que sexan funcionarios públicos os que acrediten a vontade dos cidadáns, seguindo o procedemento establecido, para as súas relacións electrónicas coa Administración.

No capítulo terceiro régúlanse os rexistros, comunicacións e notificacións electrónicas. A principal novidade a este respecto é a nova regulación dos rexistros electrónicos, de maneira que se poidan converter nun instrumento que se libere da rixidez actual e sirvan para a presentación de calquera escrito ou solicitude ante as administracións públicas.

A lei regula as comunicacións electrónicas dos cidadáns coas administracións e destas entre si, para reunir os criterios de axilidade e de seguranza xurídica. No capítulo cuarto, sobre os documentos e arquivos electrónicos, establécense as condicións para recoñecer a validez dun documento electrónico, regúlase todo o sistema de copias electrónicas, tanto as realizadas a partir de documentos emitidos orixinalmente en papel, como as copias de documentos que xa estivesen en soporte electrónico e as condicións para realizar en soporte papel copia de orixinais emitidos por medios electrónicos, ou viceversa.

O título terceiro trata da xestión electrónica dos procedementos, desenvolve a regulación dos procedementos administrativos utilizando medios electrónicos e os criterios que se seguirán na xestión electrónica, gardando un certo paralelismo coa regulación que encontramos na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así, regúlase a iniciación, instrución e terminación de procedementos por medios electrónicos.

Neste título cabe facer especial referencia á obriga que se establece para as administracións públicas de poñer á disposición dos usuarios información por medios electrónicos sobre o estado de tramitación dos procedementos, tanto para os xestionados na súa totalidade por medios electrónicos coma para o resto de procedementos.

O título cuarto está dedicado á cooperación entre administracións para o impulso da Administración electrónica. Nel establécese o órgano de cooperación nesta materia da Administración xeral do Estado cos das comunidades autónomas e coa Administración local e determínanse os principios para garantir a interoperabilidade de sistemas de información, así como as bases para impulsar a reutilización de aplicacións e a transferencia de tecnoloxías entre administracións.

A lei consta, por último, de seis disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e oito derradeiras entre as que presenta especial relevancia a disposición derradeira primeira en que se citan os preceptos da lei que teñen carácter básico ao abeiro do artigo 149.1.18 da Constitución.

Especial interese ten tamén a disposición derradeira terceira, pois con independencia da data de entrada en vigor da lei, nela sinalanse as datas para a efectividade plena do dereito dos cidadáns a se relacionar coas administracións públicas por medios electrónicos, establecéndose os prazos que se consideran adecuados para levar a cabo as necesarias actuacións previas de adecuación por parte das distintas administracións públicas.

## TÍTULO PRELIMINAR

### Do ámbito de aplicación e os principios xerais

#### Artigo 1. *Obxecto da lei.*

1. Esta lei recoñece o dereito dos cidadáns a se relacionar coas administracións públicas por medios electrónicos e regula os aspectos básicos da utilización das tecnoloxías da información na actividade administrativa, nas relacións entre as administracións públicas, así como nas relacións dos cidadáns con estas coa finalidade de garantir os seus dereitos, un tratamento común ante elas e a validez e eficacia da actividade administrativa en condicións de seguranza xurídica.

2. As administracións públicas utilizarán as tecnoloxías da información de acordo co disposto nesta lei, asegurando a dispoñibilidade, o acceso, a integridade, a

autenticidade, a confidencialidade e a conservación dos datos, informacións e servizos que xestionen no exercicio das súas competencias.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta lei, nos termos expresados na súa disposición derradeira primeira, será de aplicación:

a) Ás administracións públicas, entendendo por tales a Administración xeral do Estado, as administracións das comunidades autónomas e as entidades que integran a Administración local, así como as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes destas.

b) Aos cidadáns nas súas relacións coas administracións públicas.

c) Ás relacións entre as distintas administracións públicas.

2. Esta lei non será de aplicación ás administracións públicas nas actividades que desenvolvan en réxime de dereito privado.

#### Artigo 3. *Finalidades da lei.*

Son fins desta lei:

1. Facilitar o exercicio de dereitos e o cumprimento de deberes por medios electrónicos.

2. Facilitar o acceso por medios electrónicos dos cidadáns á información e ao procedemento administrativo, con especial atención á eliminación das barreiras que limiten o dito acceso.

3. Crear as condicións de confianza no uso dos medios electrónicos, establecendo as medidas necesarias para a preservación da integridade dos dereitos fundamentais e, en especial, os relacionados coa intimidade e a protección de datos de carácter persoal, por medio da garantía da seguranza dos sistemas, os datos, as comunicacións e os servizos electrónicos.

4. Promover a proximidade co cidadán e a transparencia administrativa, así como a mellora continuada na consecución do interese xeral.

5. Contribuír á mellora do funcionamento interno das administracións públicas, incrementando a eficacia e a eficiencia destas mediante o uso das tecnoloxías da información, coas debidas garantías legais na realización das súas funcións.

6. Simplificar os procedementos administrativos e proporcionar oportunidades de participación e maior transparencia, coas debidas garantías legais.

7. Contribuír ao desenvolvemento da sociedade da información no ámbito das administracións públicas e na sociedade en xeral.

#### Artigo 4. *Principios xerais.*

A utilización das tecnoloxías da información terá as limitacións establecidas pola Constitución e o resto do ordenamento xurídico, respectando o pleno exercicio polos cidadáns dos dereitos que teñen recoñecidos e axustándose aos seguintes principios:

a) O respecto ao dereito á protección de datos de carácter persoal nos termos establecidos pola Lei orgánica 15/1999, de protección dos datos de carácter persoal, nas demais leis específicas que regulan o tratamento da información e nas súas normas de desenvolvemento, así como aos dereitos ao honor e á intimidade persoal e familiar.

b) Principio de igualdade con obxecto de que en ningún caso o uso de medios electrónicos poida implicar a existencia de restricións ou discriminacións para os cidadáns que se relacionen coas administracións públi-

cas por medios non electrónicos, tanto respecto ao acceso á prestación de servizos públicos como respecto a calquera actuación ou procedemento administrativo sen prexuízo das medidas dirixidas a incentivar a utilización dos medios electrónicos.

c) Principio de accesibilidade á información e aos servizos por medios electrónicos nos termos establecidos pola normativa vixente nesta materia, a través de sistemas que permitan obtelos de maneira segura e comprensible, garantindo especialmente a accesibilidade universal e o deseño para todos os soportes, canles e contornos con obxecto de que todas as persoas poidan exercer os seus dereitos en igualdade de condicións, incorporando as características necesarias para garantir a accesibilidade daqueles colectivos que o requiran.

d) Principio de legalidade en canto ao mantemento da integridade das garantías xurídicas dos cidadáns ante as administracións públicas establecidas na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

e) Principio de cooperación na utilización de medios electrónicos polas administracións públicas co obxecto de garantir tanto a interoperabilidade dos sistemas e solucións adoptados por cada unha delas como, se é o caso, a prestación conxunta de servizos aos cidadáns. En particular, garantírase o recoñecemento mutuo dos documentos electrónicos e dos medios de identificación e autenticación que se axusten ao disposto nesta lei.

f) Principio de seguranza na implantación e utilización dos medios electrónicos polas administracións públicas, en cuxa virtude se exixirá cando menos o mesmo nivel de garantías e seguranza que se require para a utilización de medios non electrónicos na actividade administrativa.

g) Principio de proporcionalidade en cuxa virtude só se exixirán as garantías e medidas de seguranza adecuadas á natureza e circunstancias dos distintos trámites e actuacións. Así mesmo só lles serán requiridos aos cidadáns aqueles datos que sexan estritamente necesarios en atención á finalidade para a que se soliciten.

h) Principio de responsabilidade e calidade na veracidade e autenticidade das informacións e servizos ofrecidos polas administracións públicas a través de medios electrónicos.

i) Principio de neutralidade tecnolóxica e de adaptabilidade ao progreso das técnicas e sistemas de comunicacións electrónicas garantindo a independencia na elección das alternativas tecnolóxicas polos cidadáns e polas administracións públicas, así como a liberdade de desenvolver e implantar os avances tecnolóxicos nun ámbito de libre mercado. Para estes efectos as administracións públicas utilizarán estándares abertos así como, se é o caso e de forma complementaria, estándares que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns.

j) Principio de simplificación administrativa, polo cal se reduzan de maneira substancial os tempos e prazos dos procedementos administrativos, logrando unha maior eficacia e eficiencia na actividade administrativa.

k) Principio de transparencia e publicidade do procedemento, polo cal o uso de medios electrónicos debe facilitar a máxima difusión, publicidade e transparencia das actuacións administrativas.

#### Artigo 5. *Definicións.*

Para efectos desta lei, os termos que nela se empregan terán o sentido que se establece no seu anexo.

## TÍTULO PRIMEIRO

### Dereitos dos cidadáns a se relacionar coas administracións públicas por medios electrónicos

#### Artigo 6. *Dereitos dos cidadáns.*

1. Recoñéceselles aos cidadáns o dereito a se relacionar coas administracións públicas utilizando medios electrónicos para o exercicio dos dereitos previstos no artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como para obter informacións, realizar consultas e alegacións, formular solicitudes, manifestar consentimento, establecer pretensións, efectuar pagamentos, realizar transaccións e opoñerse ás resolucións e actos administrativos.

2. Ademais, os cidadáns teñen en relación coa utilización dos medios electrónicos na actividade administrativa, e nos termos previstos nesta lei, os seguintes dereitos:

a) A elixir, entre aquelas que en cada momento se encontren dispoñibles, a canle a través da cal se relacionar por medios electrónicos coas administracións públicas.

b) A non achegar os datos e documentos que consten en poder das administracións públicas, as cales utilizarán medios electrónicos para reunir a dita información sempre que, no caso de datos de carácter persoal, se conte co consentimento dos interesados nos termos establecidos pola Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, ou que unha norma con rango de lei así o determine, salvo que existan restricións conforme a normativa de aplicación aos datos e documentos reunidos. O citado consentimento poderase emitir e solicitar por medios electrónicos.

c) A igualdade no acceso electrónico aos servizos das administracións públicas.

d) A coñecer por medios electrónicos o estado de tramitación dos procedementos en que sexan interesados, salvo nos supostos en que a normativa de aplicación estableza restricións ao acceso á información sobre aqueles.

e) A obter copias electrónicas dos documentos electrónicos que formen parte de procedementos en que teñan a condición de interesado.

f) Á conservación en formato electrónico polas administracións públicas dos documentos electrónicos que formen parte dun expediente.

g) A obter os medios de identificación electrónica necesarios, podendo as persoas físicas utilizar, en todo caso, os sistemas de sinatura electrónica do documento nacional de identidade para calquera trámite electrónico con calquera Administración pública.

h) A utilización doutros sistemas de sinatura electrónica admitidos no ámbito das administracións públicas.

i) Á garantía da seguranza e confidencialidade dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións das administracións públicas.

j) Á calidade dos servizos públicos prestados por medios electrónicos.

k) A elixir as aplicacións ou sistemas para se relacionar coas administracións públicas sempre e cando utilicen estándares abertos ou, se é o caso, aqueles outros que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns.

3. En particular, nos procedementos relativos ao establecemento de actividades de servizos, os cidadáns teñen dereito a obter a seguinte información a través de medios electrónicos:

a) Os procedementos e trámites necesarios para acceder ás actividades de servizo e para o seu exercicio.

b) Os datos das autoridades competentes nas materias relacionadas coas actividades de servizos, así como das asociacións e organizacións profesionais relacionadas con estas.

c) Os medios e condicións de acceso aos rexistros e ás bases de datos públicos relativos a prestadores de actividades de servizos e ás vías de recurso en caso de litixio entre calquera autoridade competente, prestador e destinatario.

#### Artigo 7. *Defensa dos dereitos dos cidadáns.*

1. Na Administración xeral do Estado, créase a figura do Defensor do Usuario da Administración Electrónica, que velará pola garantía dos dereitos recoñecidos aos cidadáns nesta lei, sen prexuízo das competencias atribuídas neste ámbito a outros órganos ou entidades de dereito público. Será nomeado polo Consello de Ministros por proposta do ministro de Administracións Públicas entre persoas de recoñecido prestixio na materia. Estará integrado no Ministerio de Administracións Públicas e desenvolverá as súas funcións con imparcialidade e independencia funcional.

2. O Defensor do Usuario da Administración Electrónica elaborará, con carácter anual, un informe que se elevará ao Consello de Ministros e se remitirá ao Congreso dos Deputados. O dito informe conterá unha análise das queixas e suxestións recibidas así como a proposta das actuacións e medidas que se van adoptar en relación co previsto no punto 1 deste artigo.

3. Para o exercicio das súas funcións, o Defensor do Usuario da Administración Electrónica contará cos recursos da Administración xeral do Estado coa asistencia que, para tal efecto, lle presten as inspeccións xerais dos Servizos dos departamentos ministeriais e a Inspección Xeral de Servizos da Administración Pública. En particular, as inspeccións dos Servizos asistirán na elaboración do informe a que se refire o punto anterior e manterán permanentemente informado das queixas e suxestións que se reciban en relación coa prestación de servizos públicos a través de medios electrónicos. Para estes efectos, a Comisión Coordinadora das Inspeccións Xerais de Servizos dos departamentos ministeriais realizará, neste ámbito, as funcións de coordinación que ten legalmente encomendadas.

4. Regulamentariamente determinarase o Estatuto do Defensor do Usuario da Administración Electrónica, así como a regulación das súas relacións cos órganos a que se refire o punto anterior deste artigo.

#### Artigo 8. *Garantía de prestación de servizos e disposición de medios e instrumentos electrónicos.*

1. As administracións públicas deberán habilitar diferentes canles ou medios para a prestación dos servizos electrónicos, garantindo, en todo caso, o acceso a estes a todos os cidadáns, con independencia das súas circunstancias persoais, medios ou coñecementos, na forma que consideren adecuada.

2. A Administración xeral do Estado garantizará o acceso de todos os cidadáns aos servizos electrónicos proporcionados no seu ámbito a través dun sistema de varias canles que conte, cando menos, cos seguintes medios:

a) As oficinas de atención presencial que se determinen, as cales poñerán á disposición dos cidadáns de forma libre e gratuíta os medios e instrumentos precisos para exercer os dereitos recoñecidos no artigo 6 desta lei, debendo contar con asistencia e orientación sobre a súa utilización, ben a cargo do persoal das oficinas en

que se sitúen ou ben por sistemas incorporados ao propio medio ou instrumento.

b) Puntos de acceso electrónico, consistentes en sedes electrónicas creadas e xestionadas polos departamentos e organismos públicos e dispoñibles para os cidadáns a través de redes de comunicación. En particular, crearase un punto de acceso xeral a través do cal os cidadáns poidan, nas súas relacións coa Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos, acceder a toda a información e aos servizos dispoñibles. Este punto de acceso xeral conterá a relación de servizos á disposición dos cidadáns e o acceso a estes, deberá manterse coordinado, cando menos, cos restantes puntos de acceso electrónico da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos.

c) Servizos de atención telefónica que, na medida en que os criterios de seguranza e as posibilidades técnicas o permitan, lles faciliten aos cidadáns o acceso ás informacións e aos servizos electrónicos a que se refiren os puntos anteriores.

#### Artigo 9. *Transmisións de datos entre administracións públicas.*

1. Para un eficaz exercicio do dereito recoñecido no punto 6.2.b), cada Administración deberá facilitar o acceso das restantes administracións públicas aos datos relativos aos interesados que consten no seu poder e se encontren en soporte electrónico, especificando as condicións, protocolos e criterios funcionais ou técnicos necesarios para acceder aos ditos datos coas máximas garantías de seguranza, integridade e dispoñibilidade, de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

2. A dispoñibilidade de tales datos estará limitada estritamente a aqueles que lles son requiridos aos cidadáns polas restantes administracións para a tramitación e resolución dos procedementos e actuacións da súa competencia de acordo coa súa normativa reguladora. O acceso aos datos de carácter persoal estará, ademais, condicionado ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 6.2.b) desta lei.

## TÍTULO SEGUNDO

### Réxime xurídico da Administración electrónica

#### CAPÍTULO I

#### Da sede electrónica

#### Artigo 10. *A sede electrónica.*

1. A sede electrónica é aquela dirección electrónica dispoñible para os cidadáns a través de redes de telecomunicacións cuxa titularidade, xestión e administración lle corresponde a unha Administración pública, órgano ou entidade administrativa no exercicio das súas competencias.

2. O establecemento dunha sede electrónica comporta a responsabilidade do titular respecto da integridade, veracidade e actualización da información e dos servizos a que se poida acceder a través desta.

3. Cada Administración pública determinará as condicións e instrumentos de creación das sedes electrónicas, con suxeición aos principios de publicidade oficial, responsabilidade, calidade, seguranza, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade. En todo caso, deberase garantir a identificación do titular da



sede, así como os medios dispoñibles para a formulación de suxestións e queixas.

4. As sedes electrónicas dispoñerán de sistemas que permitan o establecemento de comunicacións seguras sempre que sexan necesarias.

5. A publicación nas sedes electrónicas de informacións, servizos e transaccións respectará os principios de accesibilidade e usabilidade de acordo coas normas establecidas ao respecto, estándares abertos e, se é o caso, aqueles outros que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns.

#### Artigo 11. *Publicacións electrónicas de boletíns oficiais.*

1. A publicación dos diarios ou boletíns oficiais nas sedes electrónicas da Administración, do órgano ou da entidade competente terá, nas condicións e garantías que cada Administración pública determine, os mesmos efectos que os atribuídos á súa edición impresa.

2. A publicación do «Boletín Oficial del Estado» na sede electrónica do organismo competente terá carácter oficial e auténtico nas condicións e coas garantías que se determinen regulamentariamente, derivando da dita publicación os efectos previstos no título preliminar do Código civil e nas restantes normas aplicables.

#### Artigo 12. *Publicación electrónica do taboleiro de anuncios ou edictos.*

A publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria se deban publicar en taboleiro de anuncios ou edictos poderá ser substituída ou complementada pola súa publicación na sede electrónica do organismo correspondente.

## CAPÍTULO II

### Da identificación e autenticación

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DISPOSICIÓN COMÚNS

#### Artigo 13. *Formas de identificación e autenticación.*

1. As administracións públicas admitirán, nas súas relacións por medios electrónicos, sistemas de sinatura electrónica que sexan conforme o establecido na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, e resulten adecuados para garantir a identificación dos participantes e, se é o caso, a autenticidade e integridade dos documentos electrónicos.

2. Os cidadáns poderán utilizar os seguintes sistemas de sinatura electrónica para se relacionar coas administracións públicas, de acordo co que cada Administración determine:

a) En todo caso, os sistemas de sinatura electrónica incorporados ao documento nacional de identidade, para persoas físicas.

b) Sistemas de sinatura electrónica avanzada, incluíndo os baseados en certificado electrónico recoñecido, admitidos polas administracións públicas.

c) Outros sistemas de sinatura electrónica, como a utilización de claves concertadas nun rexistro previo como usuario, a achega de información coñecida por ambas as partes ou outros sistemas non criptográficos, nos termos e condicións que en cada caso se determinen.

3. As administracións públicas poderán utilizar os seguintes sistemas para a súa identificación electrónica

e para a autenticación dos documentos electrónicos que produzan:

a) Sistemas de sinatura electrónica baseados na utilización de certificados de dispositivo seguro ou medio equivalente que permita identificar a sede electrónica e o establecemento con ela de comunicacións seguras.

b) Sistemas de sinatura electrónica para a actuación administrativa automatizada.

c) Sinatura electrónica do persoal ao servizo das administracións públicas.

d) Intercambio electrónico de datos en contornos pechados de comunicación, conforme o especificamente acordado entre as partes.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> IDENTIFICACIÓN DOS CIDADÁNS E AUTENTICACIÓN DA SÚA ACTUACIÓN

#### Artigo 14. *Utilización do documento nacional de identidade.*

As persoas físicas poderán, en todo caso e con carácter universal, utilizar os sistemas de sinatura electrónica incorporados ao documento nacional de identidade na súa relación por medios electrónicos coas administracións públicas. O réxime de utilización e efectos do dito documento rexerá pola súa normativa reguladora.

#### Artigo 15. *Utilización de sistemas de sinatura electrónica avanzada.*

1. Os cidadáns, ademais dos sistemas de sinatura electrónica incorporados ao documento nacional de identidade, referidos no artigo 14, poderán utilizar sistemas de sinatura electrónica avanzada para identificarse e autenticar os seus documentos.

2. A relación de sistemas de sinatura electrónica avanzada admitidos, con carácter xeral, no ámbito de cada Administración pública, deberá ser pública e accesible por medios electrónicos. A dita relación incluírá, cando menos, información sobre os elementos de identificación utilizados así como, se é o caso, as características dos certificados electrónicos admitidos, os prestadores que os expiden e as especificacións da sinatura electrónica que se pode realizar cos ditos certificados.

3. Os certificados electrónicos expedidos a entidades sen personalidade xurídica, previstos na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, poderán ser admitidos polas administracións públicas nos termos que estas determinen.

#### Artigo 16. *Utilización doutros sistemas de sinatura electrónica.*

1. As administracións públicas poderán determinar, tendo en conta os datos e intereses afectados, e sempre de forma xustificada, os supostos e condicións de utilización polos cidadáns doutros sistemas de sinatura electrónica, tales como claves concertadas nun rexistro previo, achega de información coñecida por ambas as partes ou outros sistemas non criptográficos.

2. Naqueles supostos en que se utilicen estes sistemas para confirmar información, propostas ou borradores remitidos ou exhibidos por unha Administración pública, esta deberá garantir a integridade e o non-repudio por ambas as partes dos documentos electrónicos concernidos.

3. Cando resulte preciso, as administracións públicas certificarán a existencia e o contido das actuacións dos cidadáns en que se usasen as formas de identificación e autenticación a que se refire este artigo.

SECCIÓN 3.<sup>a</sup> IDENTIFICACIÓN ELECTRÓNICA DAS ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICAS E AUTENTICACIÓN DO EXERCICIO DA SÚA COMPETENCIA

Artigo 17. *Identificación das sedes electrónicas.*

As sedes electrónicas utilizarán, para identificarse e garantir unha comunicación segura con estas, sistemas de sinatura electrónica baseados en certificados de dispositivo seguro ou medio equivalente.

Artigo 18. *Sistemas de sinatura electrónica para a actuación administrativa automatizada.*

1. Para a identificación e a autenticación do exercicio da competencia na actuación administrativa automatizada, cada Administración pública poderá determinar os supostos de utilización dos seguintes sistemas de sinatura electrónica:

a) Selo electrónico de Administración pública, órgano ou entidade de dereito público, baseado en certificado electrónico que reúna os requisitos exixidos pola lexislación de sinatura electrónica.

b) Código seguro de verificación vinculado á Administración pública, órgano ou entidade e, se é o caso, á persoa asinante do documento, permitíndose en todo caso a comprobación da integridade do documento mediante o acceso á sede electrónica correspondente.

2. Os certificados electrónicos a que se fai referencia no punto 1.a) incluírán o número de identificación fiscal e a denominación correspondente, e poden conter a identidade da persoa titular no caso dos selos electrónicos de órganos administrativos.

3. A relación de selos electrónicos utilizados por cada Administración pública, incluíndo as características dos certificados electrónicos e os prestadores que os expiden, deberá ser pública e accesible por medios electrónicos. Ademais, cada Administración pública adoptará as medidas adecuadas para facilitar a verificación dos seus selos electrónicos.

Artigo 19. *Sinatura electrónica do persoal ao servizo das administracións públicas.*

1. Sen prexuízo do previsto nos artigos 17 e 18, a identificación e autenticación do exercicio da competencia da Administración pública, do órgano ou entidade actuante, cando utilice medios electrónicos, realizarase mediante sinatura electrónica do persoal ao seu servizo, de acordo co disposto nos seguintes puntos.

2. Cada Administración pública poderá prover o seu persoal de sistemas de sinatura electrónica, os cales poderán identificar de forma conxunta o titular do posto de traballo ou cargo e a Administración ou o órgano en que presta os seus servizos.

3. A sinatura electrónica baseada no documento nacional de identidade poderase utilizar para os efectos deste artigo.

Artigo 20. *Intercambio electrónico de datos en contornos pechados de comunicación.*

1. Os documentos electrónicos transmitidos en contornos pechados de comunicacións establecidos entre administracións públicas, órganos e entidades de dereito público, serán considerados válidos para efectos de autenticación e identificación dos emisores e receptores nas condicións establecidas neste artigo.

2. Cando os participantes nas comunicacións pertencen a unha mesma Administración pública, esta determinará as condicións e garantías polas que se rexerá que, cando menos, comprenderán a relación de

emisores e receptores autorizados e a natureza dos datos que se vaian intercambiar.

3. Cando os participantes pertencen a distintas administracións, as condicións e garantías citadas no punto anterior estableceranse mediante convenio.

4. En todo caso deberase garantir a seguranza do contorno pechado de comunicacións e a protección dos datos que se transmitan.

SECCIÓN 4.<sup>a</sup> DA INTEROPERABILIDADE E DA ACREDITACIÓN  
E REPRESENTACIÓN DOS CIDADÁNS

Artigo 21. *Interoperabilidade da identificación e autenticación por medio de certificados electrónicos.*

1. Os certificados electrónicos recoñecidos emitidos por prestadores de servizos de certificación serán admitidos polas administracións públicas como válidos para se relacionar con estas, sempre e cando o prestador de servizos de certificación poña á disposición das administracións públicas a información que sexa precisa en condicións que resulten tecnoloxicamente viables e sen que supoña custo ningún para aquelas.

2. Os sistemas de sinatura electrónica utilizados ou admitidos por algunha Administración pública distintos dos baseados nos certificados a que se refire o punto anterior, poderán ser así mesmo admitidos por outras administracións, conforme os principios de recoñecemento mutuo e reciprocidade.

3. A Administración xeral do Estado disporá, cando menos, dunha plataforma de verificación do estado de revogación de todos os certificados admitidos no ámbito das administracións públicas que será de libre acceso por parte de todos os departamentos e administracións. Cada Administración pública poderá dispoñer dos mecanismos necesarios para a verificación do estado de revogación e da sinatura cos certificados electrónicos admitidos no seu ámbito de competencia.

Artigo 22. *Identificación e autenticación dos cidadáns por funcionario público.*

1. Nos supostos en que para a realización de calquera operación por medios electrónicos se requira a identificación ou autenticación do cidadán mediante algún instrumento dos previstos no artigo 13 dos que aquel non dispoña, tal identificación ou autenticación poderá ser validamente realizada por funcionarios públicos mediante o uso do sistema de sinatura electrónica do que estean dotados.

2. Para a eficacia do disposto no punto anterior, o cidadán deberase identificar e prestar o seu consentimento expreso, debe quedar constancia diso para os casos de discrepancia ou litixio.

3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro dos funcionarios habilitados para a identificación ou autenticación regulada neste artigo.

Artigo 23. *Formas de representación.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 13.2, as administracións públicas poderán habilitar con carácter xeral ou específico as persoas físicas ou xurídicas autorizadas para a realización de determinadas transaccións electrónicas en representación dos interesados. A dita habilitación deberá especificar as condicións e obrigas a que se comprometen os que así adquiren a condición de representantes, e determinará a presunción de validez da representación salvo que a normativa de aplicación preveza outra cosa. As administracións públicas poderán requirir, en calquera momento, a acreditación da dita representación.

## CAPÍTULO III

**Dos rexistros, das comunicacións e das notificacións electrónicas**SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DOS REXISTROSArtigo 24. *Rexistros electrónicos.*

1. As administracións públicas crearán rexistros electrónicos para a recepción e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións.

2. Os rexistros electrónicos poderán admitir:

a) Documentos electrónicos normalizados correspondentes aos servizos, procedementos e trámites que se especifiquen conforme o disposto na norma de creación do rexistro, formalizados de acordo con formatos preestablecidos.

b) Calquera solicitude, escrito ou comunicación distinta dos mencionados no punto anterior dirixido a calquera órgano ou entidade do ámbito da Administración titular do rexistro.

3. En cada Administración pública existirá, cando menos, un sistema de rexistros electrónicos suficiente para recibir todo tipo de solicitudes, escritos e comunicacións dirixidos á dita Administración pública. As administracións públicas poderán, mediante convenios de colaboración, habilitar os seus respectivos rexistros para a recepción das solicitudes, dos escritos e das comunicacións da competencia doutra Administración que se determinen no correspondente convenio.

4. No ámbito da Administración xeral do Estado automatizaranse as oficinas de rexistro físicas a que se refire o artigo 38 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, co fin de garantir a interconexión de todas as súas oficinas e posibilitar o acceso por medios electrónicos aos asentos rexistrais e ás copias electrónicas dos documentos presentados.

Artigo 25. *Creación e funcionamento.*

1. As disposicións de creación de rexistros electrónicos publicaranse no diario oficial correspondente e o seu texto íntegro deberá estar dispoñible para consulta na sede electrónica de acceso ao rexistro. En todo caso, as disposicións de creación de rexistros electrónicos especificarán o órgano ou unidade responsable da súa xestión, así como a data e a hora oficial e os días declarados como inhábiles para os efectos previstos no artigo seguinte.

2. Na sede electrónica de acceso ao rexistro figurará a relación actualizada das solicitudes, escritos e comunicacións a que se refire o punto 2.a) do artigo anterior que se poden presentar nel, así como, se é o caso, a posibilidade de presentación de solicitudes, escritos e comunicacións a que se refire o punto 2.b) do dito artigo.

3. Os rexistros electrónicos emitirán automaticamente un recibo consistente nunha copia autenticada do escrito, da solicitude ou comunicación de que se trate, incluíndo a data e a hora de presentación e o número de entrada de rexistro.

4. Poderanse achegar documentos que acompañen a correspondente solicitude, escrito ou comunicación, sempre que cumplan os estándares de formato e requisitos de seguraza que se determinen nos esquemas nacionais de interoperabilidade e de seguraza. Os rexistros electrónicos xerarán recibos acreditativos da entrega destes documentos que garantan a integridade e o non-repudio dos documentos achegados.

Artigo 26. *Cómputo de prazos.*

1. Os rexistros electrónicos rexeranse para efectos de cómputo dos prazos imputables tanto aos interesados como ás administracións públicas pola data e hora oficial da sede electrónica de acceso, que deberá contar coas medidas de seguraza necesarias para garantir a súa integridade e figurar visible.

2. Os rexistros electrónicos permitirán a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións todos os días do ano durante as vinte e catro horas.

3. Para os efectos do cómputo de prazo fixado en días hábiles ou naturais, e no que se refire ao cumprimento de prazos polos interesados, a presentación nun día inhábil entenderase realizada na primeira hora do primeiro día hábil seguinte, salvo que unha norma permita expresamente a recepción en día inhábil.

4. O inicio do cómputo dos prazos que deban cumprir os órganos administrativos e as entidades de dereito público virá determinado pola data e hora de presentación no propio rexistro ou, no caso previsto no punto 2.b) do artigo 24, pola data e hora de entrada no rexistro do destinatario. En todo caso, a data efectiva de inicio do cómputo de prazos deberalle ser comunicada a quen presentou o escrito, a solicitude ou comunicación.

5. Cada sede electrónica en que estea dispoñible un rexistro electrónico determinará, atendendo ao ámbito territorial en que exerce as súas competencias o titular daquela, os días que se considerarán inhábiles para os efectos dos puntos anteriores. En todo caso, non será de aplicación aos rexistros electrónicos o disposto no artigo 48.5 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> DAS COMUNICACIÓNS E DAS NOTIFICACIÓNS ELECTRÓNICASArtigo 27. *Comunicacións electrónicas.*

1. Os cidadáns poderán elixir en todo momento a maneira de se comunicar coas administracións públicas, sexa ou non por medios electrónicos, excepto naqueles casos en que dunha norma con rango de lei se estableza ou infira a utilización dun medio non electrónico. A opción de se comunicar por uns ou outros medios non vincula o cidadán, que poderá, en calquera momento, optar por un medio distinto do inicialmente elixido.

2. As administracións públicas utilizarán medios electrónicos nas súas comunicacións cos cidadáns sempre que así o solicitasen ou consentisen expresamente. A solicitude e o consentimento poderán, en todo caso, emitirse e solicitarse por medios electrónicos.

3. As comunicacións a través de medios electrónicos serán válidas sempre que exista constancia da transmisión e recepción, das súas datas, do contido íntegro das comunicacións e se identifique fidedignamente o remitente e o destinatario destas.

4. As administracións publicarán, no correspondente diario oficial e na propia sede electrónica, aqueles medios electrónicos que os cidadáns poden utilizar en cada suposto no exercicio do seu dereito a comunicarse con elas.

5. Os requisitos de seguraza e integridade das comunicacións estableceranse en cada caso de forma apropiada ao carácter dos datos obxecto daquelas, de acordo con criterios de proporcionalidade, conforme o disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

6. Regulamentariamente, as administracións públicas poderán establecer a obrigatoriedade de se comunicar con elas utilizando só medios electrónicos, cando os

interesados se correspondan con persoas xurídicas ou colectivos de persoas físicas que, por razón da súa capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados teñan garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos.

7. As administracións públicas utilizarán preferentemente medios electrónicos nas súas comunicacións con outras administracións públicas. As condicións que rexerán estas comunicacións determinaranse entre as administracións públicas participantes.

#### Artigo 28. *Práctica da notificación por medios electrónicos.*

1. Para que a notificación se practique utilizando algún medio electrónico requirirase que o interesado sinalase o dito medio como preferente ou consentise a súa utilización, sen prexuízo do disposto no artigo 27.6. Tanto a indicación da preferencia no uso de medios electrónicos como o consentimento citados anteriormente poderán emitirse e solicitarse, en todo caso, por medios electrónicos.

2. O sistema de notificación permitirá acreditar a data e a hora en que se produza a posta á disposición do interesado do acto obxecto de notificación, así como a de acceso ao seu contido, momento a partir do cal a notificación se entenderá practicada para todos os efectos legais.

3. Cando, existindo constancia da posta á disposición, transcorresen dez días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común, e normas concordantes, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material do acceso.

4. Durante a tramitación do procedemento o interesado poderá requirirle ao órgano correspondente que as notificacións sucesivas non se practiquen por medios electrónicos, utilizando os demais medios admitidos no artigo 59 da Lei 30/1992, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común, excepto nos casos previstos no artigo 27.6 da presente lei.

5. Producirá os efectos propios da notificación por comparencia o acceso electrónico polos interesados ao contido das actuacións administrativas correspondentes, sempre que quede constancia do dito acceso.

### CAPÍTULO IV

#### Dos documentos e dos arquivos electrónicos

##### Artigo 29. *Documento administrativo electrónico.*

1. As administracións públicas poderán emitir validamente por medios electrónicos os documentos administrativos a que se refire o artigo 46 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que incorporen unha ou varias sinaturas electrónicas conforme o establecido na sección 3.<sup>a</sup> do capítulo II desta lei.

2. Os documentos administrativos incluírán referencia temporal, que se garantirá a través de medios electrónicos cando a natureza do documento así o requira.

3. A Administración xeral do Estado, na súa relación de prestadores de servizos de certificación electrónica, especificará aqueles que con carácter xeral estean admitidos para prestar servizos de selaxe de tempo.

##### Artigo 30. *Copias electrónicas.*

1. As copias realizadas por medios electrónicos de documentos electrónicos emitidos polo propio interesado ou polas administracións públicas, mantendo ou non o formato orixinal, terán inmediatamente a consideración de copias auténticas coa eficacia prevista no artigo 46 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que o documento electrónico orixinal se encontre en poder da Administración e que a información de sinatura electrónica e, se é o caso, de selaxe de tempo permitan comprobar a coincidencia co dito documento.

2. As copias realizadas polas administracións públicas, utilizando medios electrónicos, de documentos emitidos orixinalmente polas administracións públicas en soporte papel terán a consideración de copias auténticas sempre que se cumpran os requirimentos e actuacións previstas no artigo 46 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As administracións públicas poderán obter imaxes electrónicas dos documentos privados achegados polos cidadáns, coa mesma validez e eficacia, a través de procesos de dixitalización que garantan a súa autenticidade, integridade e a conservación do documento-imaxe, do cal se deixará constancia. Esta obtención poderase facer de forma automatizada, mediante o correspondente selo electrónico.

4. Nos supostos de documentos emitidos orixinalmente en soporte papel dos que se efectuaren copias electrónicas de acordo co disposto neste artigo, poderase proceder á destrución dos orixinais nos termos e coas condicións que cada Administración pública estableza.

5. As copias realizadas en soporte papel de documentos públicos administrativos emitidos por medios electrónicos e asinados electronicamente terán a consideración de copias auténticas sempre que inclúan a impresión dun código xerado electronicamente ou outros sistemas de verificación que permitan contrastar a súa autenticidade mediante o acceso aos arquivos electrónicos da Administración pública, do órgano ou entidade emisora.

##### Artigo 31. *Arquivo electrónico de documentos.*

1. Poderanse almacenar por medios electrónicos todos os documentos utilizados nas actuacións administrativas.

2. Os documentos electrónicos que conteñan actos administrativos que afecten dereitos ou intereses dos particulares deberanse conservar en soportes desta natureza, xa sexa no mesmo formato a partir do que se orixinou o documento ou noutro calquera que asegure a identidade e integridade da información necesaria para reproducilo. Asegurarase en todo caso a posibilidade de trasladar os datos a outros formatos e soportes que garantan o acceso desde diferentes aplicacións.

3. Os medios ou soportes en que se almacenen documentos deberán contar con medidas de seguranza que garantan a integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación dos documentos almacenados. En particular, asegurarán a identificación dos usuarios e o control de accesos, así como o cumprimento das garantías previstas na lexislación de protección de datos.

### Artigo 32. *Expediente electrónico.*

1. O expediente electrónico é o conxunto de documentos electrónicos correspondentes a un procedemento administrativo, calquera que sexa o tipo de información que conteñan.

2. A foliación dos expedientes electrónicos levarase a cabo mediante un índice electrónico, asinado pola Administración, polo órgano ou entidade actuante, segundo proceda. Este índice garantirá a integridade do expediente electrónico e permitirá a súa recuperación sempre que sexa preciso, sendo admisible que un mesmo documento forme parte de distintos expedientes electrónicos.

3. A remisión de expedientes poderá ser substituída para todos os efectos legais pola posta á disposición do expediente electrónico, tendo o interesado dereito a obter copia deste.

## TÍTULO TERCEIRO

### Da xestión electrónica dos procedementos

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións comúns

#### Artigo 33. *Utilización de medios electrónicos.*

1. A xestión electrónica da actividade administrativa respectará a titularidade e o exercicio da competencia pola Administración pública, polo órgano ou entidade que a teña atribuída e o cumprimento dos requisitos formais e materiais establecidos nas normas que regulen a correspondente actividade. Para estes efectos, e en todo caso baixo criterios de simplificación administrativa, impulsarase a aplicación de medios electrónicos aos procesos de traballo e à xestión dos procedementos e da actuación administrativa.

2. Na aplicación de medios electrónicos á actividade administrativa considerarase a adecuada dotación de recursos e medios materiais ao persoal que vaia utilizalos, así como a necesaria formación respecto da súa utilización.

#### Artigo 34. *Criterios para a xestión electrónica.*

A aplicación de medios electrónicos á xestión dos procedementos, procesos e servizos irá sempre precedida da realización dunha análise de redeseño funcional e simplificación do procedemento, proceso ou servizo, no cal se considerarán especialmente os seguintes aspectos:

- a) A supresión ou redución da documentación requirida aos cidadáns, mediante a súa substitución por datos, transmisións de datos ou certificacións, ou a regulación da súa achega ao finalizar a tramitación.
- b) A previsión de medios e instrumentos de participación, transparencia e información.
- c) A redución dos prazos e tempos de resposta.
- d) A racionalización da distribución das cargas de traballo e das comunicacións internas.

## CAPÍTULO II

### Utilización de medios electrónicos na tramitación do procedemento

#### Artigo 35. *Iniciación do procedemento por medios electrónicos.*

1. A iniciación dun procedemento administrativo por solicitude de interesado por medios electrónicos requirirá a posta á disposición dos interesados dos correspondentes modelos ou sistemas electrónicos de solicitude na sede electrónica que deberán ser accesibles sen outras restricións tecnolóxicas que as estritamente derivadas da utilización de estándares nos termos establecidos no punto i) do artigo 4 e criterios de comunicación e seguranza aplicables de acordo coas normas e protocolos nacionais e internacionais.

2. Os interesados poderán achegar ao expediente copias dixitalizadas dos documentos, cuxa fidelidade co orixinal garantirán mediante a utilización de sinatura electrónica avanzada. A Administración pública poderá solicitar do correspondente arquivo o cotexo do contido das copias achegadas. Ante a imposibilidade deste cotexo e con carácter excepcional, poderá requirirle ao particular a exhibición do documento ou da información orixinal. A achega de tales copias implica a autorización á Administración para que acceda e trate a información persoal contida en tales documentos.

3. Con obxecto de facilitar e promover o seu uso, os sistemas normalizados de solicitude poderán incluír comprobacións automáticas da información achegada respecto de datos almacenados en sistemas propios ou pertencentes a outras administracións e, incluso, ofrecer o formulario formalizado, en todo ou en parte, con obxecto de que o cidadán verifique a información e, se é o caso, a modifique e complete.

#### Artigo 36. *Instrución do procedemento utilizando medios electrónicos.*

1. As aplicacións e sistemas de información utilizados para a instrución por medios electrónicos dos procedementos deberán garantir o control dos tempos e prazos, a identificación dos órganos responsables dos procedementos así como a tramitación ordenada dos expedientes e facilitar a simplificación e a publicidade dos procedementos.

2. Os sistemas de comunicación utilizados na xestión electrónica dos procedementos para as comunicacións entre os órganos e unidades intervinientes para efectos de emisión e recepción de informes ou outras actuacións deberán cumprir os requisitos establecidos nesta lei.

3. Cando se utilicen medios electrónicos para a participación dos interesados na instrución do procedemento para os efectos do exercicio do seu dereito a presentar alegacións en calquera momento anterior á proposta de resolución ou na práctica do trámite de audiencia cando proceda, empregaranse os medios de comunicación e notificación previstos nos artigos 27 e 28 desta lei.

#### Artigo 37. *Acceso dos interesados á información sobre o estado de tramitación.*

1. Nos procedementos administrativos xestionados na súa totalidade electronicamente, o órgano que tramita o procedemento porá á disposición do interesado un servizo electrónico de acceso restrinxido onde este poida consultar, logo de identificación, cando menos a información sobre o estado de tramitación do procedemento.

mento, salvo que a normativa aplicable estableza restricións á dita información. A información sobre o estado de tramitación do procedemento comprenderá a relación dos actos de trámite realizados, con indicación sobre o seu contido, así como a data en que foron ditados.

2. No resto dos procedementos habilitaranse igualmente servizos electrónicos de información do estado da tramitación que comprendan, cando menos, a fase en que se encontra o procedemento e o órgano ou unidade responsable.

**Artigo 38. Terminación dos procedementos por medios electrónicos.**

1. A resolución dun procedemento utilizando medios electrónicos garantirá a identidade do órgano competente mediante o emprego dalgún dos instrumentos previstos nos artigos 18 e 19 desta lei.

2. Poderanse adoptar e notificar resolucións de forma automatizada naqueles procedementos en que así estea previsto.

**Artigo 39. Actuación administrativa automatizada.**

En caso de actuación automatizada deberase establecer previamente o órgano ou órganos competentes, segundo os casos, para a definición das especificacións, da programación, do mantemento, da supervisión e do control de calidade e, se é o caso, da auditoría do sistema de información e do seu código fonte. Así mesmo, indicarase o órgano que debe ser considerado responsable para efectos de impugnación.

## TÍTULO CUARTO

### Cooperación entre administracións para o impulso da Administración electrónica

#### CAPÍTULO I

##### Marco institucional de cooperación en materia de Administración electrónica

**Artigo 40. Comité Sectorial de Administración Electrónica.**

1. O Comité Sectorial de Administración Electrónica, dependente da Conferencia Sectorial de Administración pública, é o órgano técnico de cooperación da Administración xeral do Estado, das administracións das comunidades autónomas e das entidades que integran a Administración local en materia de administración electrónica.

2. O Comité Sectorial de Administración Electrónica velará polo cumprimento dos fins e principios establecidos nesta lei e, en particular, desenvolverá as seguintes funcións:

a) Asegurar a compatibilidade e interoperabilidade dos sistemas e aplicacións empregados polas administracións públicas.

b) Preparar plans programas conxuntos de actuación para impulsar o desenvolvemento da Administración electrónica en España.

3. Cando por razón das materias tratadas resulte de interese, poderanse convidar as organizacións, corporacións ou axentes sociais que se crea conveniente en cada caso a participar nas deliberacións do comité sectorial.

## CAPÍTULO II

### Cooperación en materia de interoperabilidade de sistemas e aplicacións

**Artigo 41. Interoperabilidade dos sistemas de información.**

As administracións públicas utilizarán as tecnoloxías da información nas súas relacións coas demais administracións e cos cidadáns, aplicando medidas informáticas, tecnolóxicas, organizativas e de seguranza, que garantan un adecuado nivel de interoperabilidade técnica, semántica e organizativa e eviten discriminación aos cidadáns por razón da súa elección tecnolóxica.

**Artigo 42. Esquema Nacional de Interoperabilidade e Esquema Nacional de Seguranza.**

1. O Esquema Nacional de Interoperabilidade comprenderá o conxunto de criterios e recomendacións en materia de seguranza, conservación e normalización da información, dos formatos e das aplicacións que deberán ser tidos en conta polas administracións públicas para a toma de decisións tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade.

2. O Esquema Nacional de Seguranza ten por obxecto establecer a política de seguranza na utilización de medios electrónicos no ámbito desta lei e está constituído polos principios básicos e requisitos mínimos que permitan unha protección adecuada da información.

3. Ambos os esquemas elaboraranse coa participación de todas as administracións e serán aprobados por real decreto do Goberno, por proposta da Conferencia Sectorial de Administración Pública e logo de informe da Comisión Nacional de Administración Local, e deberanse manter actualizados de maneira permanente.

4. Na elaboración de ambos os esquemas teranse en conta as recomendacións da Unión Europea, a situación tecnolóxica das diferentes administracións públicas, así como os servizos electrónicos xa existentes. Para estes efectos considerarán a utilización de estándares abertos así como, se é o caso, e de forma complementaria, estándares que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns.

**Artigo 43. Rede de comunicacións das administracións públicas españolas.**

A Administración xeral do Estado, as administracións autonómicas e as entidades que integran a Administración local, así como os consorcios ou outras entidades de cooperación constituídos para tales efectos por estas, adoptarán as medidas necesarias e incorporarán nos seus respectivos ámbitos as tecnoloxías precisas para posibilitar a interconexión das súas redes co fin de crear unha rede de comunicacións que interconecte os sistemas de información das administracións públicas españolas e permita o intercambio de información e servizos entre estas, así como a interconexión coas redes das institucións da Unión Europea e doutros estados membros.

**Artigo 44. Rede integrada de atención ao cidadán.**

1. As administracións públicas poderán subscribir convenios de colaboración co obxecto de articular medidas e instrumentos de colaboración para a implantación coordinada e normalizada dunha rede de espazos comúns ou portelos únicos.

2. En particular, e de conformidade co disposto no punto anterior, implantaranse espazos comúns ou porte-

los únicos para obter a información prevista no artigo 6.3 desta lei e para realizar os trámites e procedementos a que fai referencia o punto a) do dito artigo.

### CAPÍTULO III

#### Reutilización de aplicacións e transferencia de tecnoloxías

Artigo 45. *Reutilización de sistemas e aplicacións de propiedade da Administración.*

1. As administracións titulares dos dereitos de propiedade intelectual de aplicacións, desenvolvidas polos seus servizos ou cuxo desenvolvemento fose obxecto de contratación, poderán poñelas á disposición de calquera Administración sen contraprestación e sen necesidade de convenio.

2. As aplicacións a que se refire o punto anterior poderán ser declaradas como de fontes abertas, cando diso derive unha maior transparencia no funcionamento da Administración pública ou se fomenta a incorporación dos cidadáns á sociedade da información.

Artigo 46. *Transferencia de tecnoloxía entre administracións.*

1. As administracións públicas manterán directorios actualizados de aplicacións para a súa libre reutilización, especialmente naqueles campos de especial interese para o desenvolvemento da Administración electrónica e de conformidade co que ao respecto se estableza no Esquema Nacional de Interoperabilidade.

2. A Administración xeral do Estado, a través dun centro para a transferencia da tecnoloxía, manterá un directorio xeral de aplicacións para a súa reutilización, prestará asistencia técnica para a libre reutilización de aplicacións e impulsará o desenvolvemento de aplicacións, formatos e estándares comúns de especial interese para o desenvolvemento da Administración electrónica no marco dos esquemas nacionais de interoperabilidade e seguranza.

Disposición adicional primeira. *Reunión de órganos colexiados por medios electrónicos.*

1. Os órganos colexiados poderanse constituír e adoptar acordos utilizando medios electrónicos, con respecto aos trámites esenciais establecidos nos artigos 26 e o 27.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Na Administración xeral do Estado, o previsto no punto anterior efectuarase de acordo coas seguintes especialidades:

a) Deberase garantir a realización efectiva dos principios que a lexislación establece respecto da convocatoria, acceso á información e comunicación da orde do día, onde se especificarán os tempos en que se organizarán os debates, a formulación e coñecemento das propostas e a adopción de acordos.

b) O réxime de constitución e adopción de acordos garantirá a participación dos membros de acordo coas disposicións propias do órgano.

c) As actas garantirán a constancia das comunicacións producidas así como o acceso dos membros ao contido dos acordos adoptados.

Disposición adicional segunda. *Formación de empregados públicos.*

A Administración xeral do Estado promoverá a formación do persoal ao seu servizo na utilización de medios electrónicos para o desenvolvemento das actividades propias daquela.

En especial, os empregados públicos da Administración xeral do Estado recibirán formación específica que garanta coñecementos actualizados das condicións de seguranza da utilización de medios electrónicos na actividade administrativa, así como de protección dos datos de carácter persoal, respecto da propiedade intelectual e industrial e xestión da información.

Disposición adicional terceira. *Plan de medios na Administración xeral do Estado.*

No prazo de seis meses a partir da publicación desta lei, o Ministerio de Administracións Públicas, en colaboración cos ministerios de Economía e Facenda e de Industria, Turismo e Comercio, elevará ao Consello de Ministros un plan de implantación dos medios necesarios para o ámbito da Administración xeral do Estado. O dito plan incorporará as estimacións dos recursos económicos, técnicos e humanos que se consideren precisos para a adecuada aplicación do disposto nesta lei nos tempos establecidos no calendario a que se refire o punto 2 da disposición derradeira terceira, así como os mecanismos de avaliación e control da súa aplicación.

Disposición adicional cuarta. *Procedementos especiais.*

A aplicación do disposto no título terceiro desta lei aos procedementos en materia tributaria, de Seguridade Social e desemprego e de réxime xurídico dos estranxeiros en España, efectuarase, de conformidade co establecido nas disposicións adicionais quinta, sexta, sétima e décimo novena da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, na aplicación desta lei deberán ser tidas en conta as especificidades en materia de contratación pública, conforme o preceptuado na disposición adicional sétima do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

Disposición adicional quinta. *Función estatística.*

O disposto nos artigos 6.2.b) e 9 desta lei non será de aplicación á recolla de datos prevista no capítulo II da Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública.

Disposición adicional sexta. *Uso de linguas oficiais.*

1. Garantirase o uso das linguas oficiais do Estado nas relacións por medios electrónicos dos cidadáns coas administracións públicas, nos termos previstos na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na normativa que en cada caso resulte de aplicación.

2. Para estes efectos, as sedes electrónicas cuxo titular teña competencia sobre territorios con réxime de cooficialidade lingüística posibilitarán o acceso aos seus contidos e servizos nas linguas correspondentes.

3. Os sistemas e aplicacións utilizados na xestión electrónica dos procedementos adaptaranse ao disposto canto ao uso de linguas cooficiais no artigo 36 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Cada Administración pública afectada determinará o calendario para o cumprimento progresivo do previsto nesta disposición, e deberá garantir o seu cumprimento total nos prazos establecidos na disposición derradeira terceira.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

1. Os procedementos e as actuacións dos cidadáns e as administracións públicas que, utilizando medios electrónicos, se iniciasen con anterioridade á entrada en vigor desta lei, seguiranse rexendo pola normativa anterior ata a súa terminación.

2. Os rexistros telemáticos existentes á entrada en vigor desta lei serán considerados rexistros electrónicos e regularanse polo disposto nos artigos 24, 25 e 26 desta lei.

Disposición derogatoria única.

1. Quedan derogados os seguintes preceptos da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: punto número 9 do artigo 38, puntos números 2, 3 e 4 do artigo 45, punto número 3 do artigo 59 e a disposición adicional décimo oitava.

2. Así mesmo, quedan derogadas as normas de igual ou inferior rango en canto contradigan ou se opongan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico da lei.*

1. Os artigos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 8.1, 9, 10, 11.1, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21.1, 21.2, 22, 23, 24.1, 24.2, 24.3, 25, 26, 27, 28, 29.1, 29.2, 30, 32, 35, 37.1, 38, 42, o punto 1 da disposición adicional primeira, a disposición adicional cuarta, a disposición transitoria única e a disposición derradeira terceira dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e sobre o procedemento administrativo común.

2. Con excepción do artigo 42, o título IV desta lei será de aplicación a todas as administracións públicas na medida en que estas participen ou se adscriban aos órganos de cooperación ou instrumentos previstos neste.

Disposición derradeira segunda. *Publicación electrónica do «Boletín Oficial del Estado».*

A publicación electrónica do «Boletín Oficial del Estado» terá o carácter e os efectos previstos no artigo 11.2 desta lei desde o 1 de xaneiro de 2009.

Disposición derradeira terceira. *Adaptación das administracións públicas para o exercicio de dereitos.*

1. Desde a data de entrada en vigor desta lei, os dereitos recoñecidos no artigo 6 desta lei poderán ser exercidos en relación cos procedementos e coas actuacións adaptados ao disposto nesta, sen prexuízo do sinalado nos seguintes puntos. Para estes efectos, cada Administración pública fará pública e manterá actualizada a relación dos ditos procedementos e actuacións.

2. No ámbito da Administración xeral do Estado e dos organismos públicos vinculados ou dependentes desta, os dereitos recoñecidos no artigo 6 desta lei poderán ser exercidos en relación coa totalidade dos procedementos e das actuacións da súa competencia a partir

do 31 de decembro de 2009. Para tal fin, o Consello de Ministros establecerá e fará público un calendario de adaptación gradual daqueles procedementos e actuacións que o requiran.

3. No ámbito das comunidades autónomas, os dereitos recoñecidos no artigo 6 desta lei poderán ser exercidos en relación coa totalidade dos procedementos e das actuacións da súa competencia a partir do 31 de decembro de 2009, sempre que o permitan as súas dispoñibilidades orzamentarias.

4. No ámbito das entidades que integran a Administración local, os dereitos recoñecidos no artigo 6 desta lei poderán ser exercidos en relación coa totalidade dos procedementos e das actuacións da súa competencia a partir do 31 de decembro de 2009, sempre que o permitan as súas dispoñibilidades orzamentarias. Para estes efectos, as deputacións provinciais ou, se é o caso, os cabidos e consellos insulares ou outros organismos supramunicipais, poderán prestar os servizos precisos para garantir tal efectividade no ámbito dos municipios que non dispoñan dos medios técnicos e organizativos necesarios para prestalos.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 84/1978, do 28 de decembro, pola que se regula a taxa por expedición do documento nacional de identidade.*

Un. O punto 2 do artigo 4 queda redactado do seguinte xeito:

«2. Os que deban renovar preceptivamente o seu documento durante o prazo de vixencia deste, por variación dalgún dos datos que se recollen nel.»

Dous. O artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 6. *Cota tributaria.*

A cota tributaria exigible será de 6,70 euros. Os excesos do custo da expedición, se existen, serán sufragados con cargo aos orzamentos xerais do Estado.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 16/1979, do 2 de outubro, sobre taxas da Xefatura Central de Tráfico.*

Un. No punto 1 do artigo 5 modifícase a letra d) e incorpórase unha nova letra e) que quedan redactadas do seguinte modo:

«d) Os que soliciten duplicados das autorizacións administrativas para conducir ou para circular por cambio de domicilio.

e) Os que soliciten a baixa definitiva dun vehículo por entrega nun establecemento autorizado para a súa destrución.»

Dous. Os puntos 4 e 4 bis, primeira columna da esquerda do grupo IV do artigo 6, quedan redactados do seguinte xeito:

«4. Duplicados de permisos, autorizacións por extravío, subtracción, deterioración, prórroga de vixencia ou calquera modificación daqueles.

4 bis. Duplicados de licenzas de condución e de circulación de ciclomotores por extravío, subtracción, deterioración, prórroga de vixencia ou calquera modificación daqueles.»



Disposición derradeira sexta. *Habilitación para a regulación do teletraballo na Administración xeral do Estado.*

O Ministerio de Administracións Públicas, en colaboración cos ministerios de Economía e Facenda, de Industria, Turismo e Comercio e de Traballo e Asuntos Sociais, regularán antes do 1 de marzo de 2008 as condicións do teletraballo na Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira sétima. *Desenvolvemento regulamentario do artigo 4.c).*

O Goberno desenvolverá regulamentariamente o previsto no artigo 4.c) desta lei para garantir que todos os cidadáns, con especial atención ás persoas con algún tipo de discapacidade e maiores, que se relacionan coa Administración xeral do Estado poidan acceder aos servizos electrónicos en igualdade de condicións con independencia das súas circunstancias persoais, medios ou coñecementos.

Disposición derradeira oitava. *Desenvolvemento e entrada en vigor da lei.*

1. Correspóndelle ao Goberno e ás comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

2. Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto, mando a todo os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 22 de xuño de 2007.

JUAN CARLOS R.

Presidenta do Goberno  
en funcións

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## ANEXO

### Definicións

Para efectos desta lei, enténdese por:

a) Actuación administrativa automatizada: actuación administrativa producida por un sistema de información adecuadamente programado sen necesidade de intervención dunha persoa física en cada caso singular. Inclúe a produción de actos de trámite ou resolutorios de procedementos, así como de meros actos de comunicación.

b) Aplicación: programa ou conxunto de programas cuxo obxecto é a resolución dun problema mediante o uso de informática.

c) Aplicación de fontes abertas: aquela que se distribúe cunha licenza que permite a liberdade de executa-la, de coñecer o código fonte, de modificala ou mello-rala e de redistribuír copias a outros usuarios.

d) Autenticación: acreditación por medios electrónicos da identidade dunha persoa ou ente, do contido da vontade expresada nas súas operacións, transaccións e documentos, e da integridade e autoría destes últimos.

e) Canles: estruturas ou medios de difusión dos contidos e servizos; incluíndo a canle presencial, a telefónica e a electrónica, así como outras que existan na actualidade ou poidan existir no futuro (dispositivos móbiles, TDT, etc).

f) Certificado electrónico: segundo o artigo 6 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, «Documento asinado electronicamente por un prestador de servizos de certificación que vincula uns datos de verificación de sinatura a un asinante e confirma a súa identidade».

g) Certificado electrónico recoñecido: segundo o artigo 11 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica: «Son certificados recoñecidos os certificados electrónicos expedidos por un prestador de servizos de certificación que cumpra os requisitos establecidos nesta lei en canto á comprobación da identidade e demais circunstancias dos solicitantes e á fiabilidade e ás garantías dos servizos de certificación que presten».

h) Cidadán: calquera persoa física, persoa xurídica e ente sen personalidade que se relacione, ou sexa susceptible de se relacionar, coas administracións públicas.

i) Enderezo electrónico: identificador dun equipo ou sistema electrónico desde o que se prové de información ou servizos nunha rede de comunicacións.

j) Documento electrónico: información de calquera natureza en forma electrónica, arquivada nun soporte electrónico segundo un formato determinado e susceptible de identificación e tratamento diferenciado.

k) Estándar aberto: aquel que reúna as seguintes condicións:

- Sexa público e a súa utilización sexa dispoñible de maneira gratuíta ou a un custo que non supoña unha dificultade de acceso.

- O seu uso e aplicación non estea condicionado ao pagamento dun dereito de propiedade intelectual ou industrial.

l) Sinatura electrónica: segundo o artigo 3 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, «conxunto de datos en forma electrónica, consignados xunto a outros ou asociados con eles, que poden ser utilizados como medio de identificación do asinante».

m) Sinatura electrónica avanzada: segundo o artigo 3 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, «sinatura electrónica que permite identificar o asinante e detectar calquera cambio ulterior dos datos asinados, que está vinculada ao asinante de maneira única e aos datos a que se refire e que foi creada por medios que o asinante pode manter baixo o seu exclusivo control».

n) Sinatura electrónica recoñecida: segundo o artigo 3 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, «sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido e xerada mediante un dispositivo seguro de creación de sinatura».

o) Interoperabilidade: capacidade dos sistemas de información, e por tanto dos procedementos aos que estes dan soporte, de compartir datos e posibilitar o intercambio de información e coñecemento entre eles.

p) Medio electrónico: mecanismo, instalación, equipamento ou sistema que permite producir, almacenar ou transmitir documentos, datos e informacións; incluíndo calquera rede de comunicación aberta ou restrinxida como a internet, telefonía fixa e móbil ou outras.

q) Punto de acceso electrónico: conxunto de páxinas web agrupadas nun dominio da internet cuxo obxectivo é ofrecerlle ao usuario, de forma fácil e integrada, o acceso a unha serie de recursos e de servizos dirixidos a resolver necesidades específicas dun grupo de persoas ou o acceso á información e aos servizos dunha institución pública.

r) Sistema de sinatura electrónica: conxunto de elementos intervinientes na creación dunha sinatura electrónica. No caso da sinatura electrónica baseada en certificado electrónico, compoñen o sistema, cando menos, o certificado electrónico, o soporte, o lector, a aplicación

de sinatura utilizada e o sistema de interpretación e verificación utilizado polo receptor do documento asinado.

s) Selaxe de tempo: acreditación por conta dun terceiro de confianza da data e hora de realización de calquera operación ou transacción por medios electrónicos.

t) Espazos comúns ou portelos únicos: modos ou canles (oficinas integradas, atención telefónica, páxinas na internet e outros) a que os cidadáns se poden dirixir para acceder ás informacións, trámites e servizos públicos determinados por acordo entre varias administracións.

u) Actividade de servizo: calquera actividade económica por conta propia, prestada normalmente a cambio dunha remuneración.

v) Prestador de actividade de servizo: calquera persoa física ou xurídica que ofrezca ou preste unha actividade de servizo.

**12353** *REAL DECRETO LEI 5/2007, do 22 de xuño, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polas inundacións producidas polas tormentas de chuvia, sarabia e vento que afectaron na segunda quincena do mes de maio de 2007 diversas comunidades autónomas.* («BOE» 150, do 23-6-2007.)

Durante a segunda quincena do mes de maio de 2007 fortes tormentas de chuvia, vento e sarabia azoutaron gran parte de España, con especial incidencia na zona centro da península.

Na Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha produciuse un fenómeno meteorolóxico singular, ao se formar unha tormenta estacionaria que provocou chuvias constantes e continuadas sobre unha determinada zona, e afectou con especial gravidade algúns municipios como Alcázar de San Juan, Villarubia de los Ojos e Daimiel, na provincia de Ciudad Real, e Madridejos, Camuñas, Consuegra e Villacañas, na provincia de Toledo. Na provincia de Jaén, as inundacións tiveron unha incidencia significativa en poboacións como La Puerta de Segura, Puente Génave ou Santiago-Pontones, danos que se reproduciron noutros lugares do territorio nacional.

Os feitos descritos produciron danos en infraestruturas de titularidade pública, así como en bens privados, especialmente en vivendas. Por outra parte, estas inundacións afectaron tamén grandes extensións en cultivos, fundamentalmente en viñedos, cereais, oliveirais e cultivos hortícolas, tanto da Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha, como de Castilla y León, Extremadura e Madrid. É de resaltar, para comprender a excepcionalidade destes feitos que, en provincias como Toledo ou Ciudad Real, non se rexistraban índices de precipitación de tal envergadura desde mediados do século pasado.

Débese resaltar, por outro lado, que tamén as explotacións agrícolas se viron sometidas a determinados fenómenos extraordinarios asimilables a desastres naturais na Rexión de Murcia con ocasión dos fortes ventos que se rexistraron durante os días 7 e 8 de marzo, que provocaron graves danos na colleita de producións temperás e extratemperás, que non se encontraban amparados pola cobertura do sistema de seguros agrarios.

Co fin de lle dar unha resposta inmediata á grave situación xerada por estas inundacións, o Goberno da Nación acordou a tramitación urxente daqueles procedementos de carácter ordinario que xa ten previstos ante situacións de similar carácter. Neste sentido, o pasado día 25 de maio de 2007, o Consello de Ministros

acordou a aplicación do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, modificado polo Real decreto 477/2007, do 13 de abril, a estes feitos, co fin de axilizar a realización das valoracións e a tramitación das subvencións que van permitir facer chegar aos cidadáns as axudas paliativas necesarias para restaurar a normalidade nunha primeira fase da emerxencia.

Non obstante, e unha vez que se puido levar a cabo unha correcta avaliación dos danos producidos, comprobouse que existen sectores da actividade económica necesitados de medidas complementarias de carácter fiscal ou laboral. Así mesmo, conséntase que, tras as actuacións de carácter inmediato das entidades locais, cuxos gastos serán subvencionados a través das axudas de emerxencia antes citadas, que xestiona o Ministerio do Interior, resulta necesario emprender reparacións ou reposicións de infraestruturas de titularidade municipal, para o cal se debe habilitar unha liña de axudas para tal fin, xestionada polo Ministerio de Administracións Públicas.

Con todo isto perséguese, en definitiva, favorecer o restablecemento dos servizos, a reparación de danos producidos e a volta á normalidade das zonas sinistradas polas inundacións.

O obxectivo, polo tanto, desta norma, é aprobar, con carácter urxente, un catálogo de medidas que afectan varios departamentos ministeriais e abranguen aspectos moi diferentes, pois mentres que unhas se dirixen a diminuír as cargas tributarias, outras, como a concesión de créditos privilexiados, intentan paliar o impacto nas empresas e particulares afectados.

Por outra parte, as perdas de produción ocasionadas polas citadas tormentas, ventos e inundacións nos cultivos e territorios afectados configuran, pola magnitude dos danos ocasionados, unha situación de desastre natural, nos termos establecidos polas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e no Regulamento (CE) n° 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) n° 70/2001.

Tendo en conta que estas continxencias non teñen cobertura completa no marco do seguro agrario combinado, faise necesario arbitrar medidas paliativas adecuadas, en consonancia coa natureza e incidencia dos danos ocasionados nas producións dos territorios afectados e nas rendas dos agricultores.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e dos ministros do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Administracións Públicas e de Medio Ambiente e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de xuño de 2007,

## DISPONGO:

### Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas neste real decreto lei aplicaranse á reparación dos danos ocasionados polas inundacións derivadas das tormentas de chuvia, vento e sarabia que afectaron as comunidades autónomas de Castilla-La Mancha, Castilla y León, Extremadura e Madrid, así como a provincia de Jaén durante a última quincena do mes de maio de 2007 e os danos ocasionados polos fortes ventos na Rexión de Murcia durante o mes de marzo.